

Recorda! Nas operacións combinadas:

1. Parénteses.

2. Multiplicación e división.

3. Sumas e restas.

Operacións combinadas:

- $(4 - 2) + 5 \times 4 - 12 =$
- $6 : 2 + (8 + 7) - 2 \times 4 =$
- $5 - 1 \times 4 + 12 - 3 \times 4 =$
- $16 - 4 \times 4 + (6 + 6) - 4 =$
- $4 + 5 \times 5 - 8 + 6 : 3 =$
- $6 \times (5 + 5) - 7 \times 5 =$
- $6 : 2 + 5 - 2 \times (7 - 5) =$
- $18 : 3 - 16 : 4 + 3 \times 3 =$
- $50 - 5 \times (2 + 5) - 5 =$

Resolve os seguintes problemas cunha operación combinada:

- A miña nai comprou 4 barras de pan a 2 euros cada unha, 5 tomates a 1 euro cada un e 3 caixas de galletas a 4 euros cada unha. Canto gastou?
- No partido de baloncesto meu irmán meteu as seguintes canastras: 4 tiros libres, 7 canastras e 3 triplas. Cantos puntos anotou?
- Fun mercar 4 packs de iogures, cada pack trae 4 iogures. A miña irmá comeu 2 e meu primo 4. Cantos iogures me quedan?
- Na aula temos 4 caixas de pegamentos, en cada caixa hai 6 pegamentos. Mariña perdeu 5 e Uxía perdeu 7. O profe tivo que repoñer 8. Cantos pegamentos temos agora na aula?
- Na biblioteca temos na zona de literatura 6 estanterías con 4 libros cada unha; na zona de ciencias naturais 5 estanterías con 3 libros cada unha. Hoxe os nenos de 2º colleron 13 libros en préstamos. Cantos libros hai agora mesmo na biblioteca?